

A revista galega *Nós* e os seus contactos coa literatura e a cultura italiana contemporáneas¹

M^a Consuelo de Frutos Martínez

[Recibido, xuño 2006; aceptado, setembro 2006]

RESUMO Dentro do proceso de europeización da cultura galega, as relacións da revista *Nós* co mundo cultural italiano, especialmente o mundo literario, foron menos fluídas que con outras culturas. As alusións a expoñentes da literatura e da cultura italianas, reflicten en maior ou en menor medida as lecturas e os intereses de cada un dos integrantes do grupo redactor da revista e dos seus colaboradores, o que está claro que hai que relacionar dalgún xeito coa difusión e recepción da literatura italiana na península ibérica. *Grosso modo* podemos centrar esas preferencias arredor de Carducci e D'Annunzio por un lado e a Marinetti e os seus correligionarios futuristas, polo outro. A estes nomes hai que engadir a figura de Papini, que gozou de moita sona en España no século pasado, tal e como demostran a celeridade coa que apareceron as súas edicións en español. As traducións de textos literarios italianos son escasas, pola contra, son máis numerosas as traducións da literatura galega ao italiano, realizadas por Guido Battelli. O contacto co mundo literario italiano daqueles momentos chegou principalmente a través da figura de Giacomo Prampolini colaborador de *La Fiera letteraria* que quixo coñecer de primeira man a situación da literatura galega.

ABSTRACT It is noticeable that, despite its Europeanizing agenda, contact between the magazine *Nós* and the Italian cultural milieu, especially in the area of literature, was less intense than with that of other national cultures. Mention of Italian writers and artists corresponds to a greater or lesser degree to the reading and interests of each of the members of the editorial committee of the magazine and of the contributors, and it is clear that this must be related to the diffusion and reception of Italian literature in the Iberian Peninsula. In broad terms we can say that the important authors were Carducci and D'Annunzio on the one hand, and Marinetti and his futurist adepts on the other. Papini should also be added to this list. He was very popular in Spain during the last century, as the rapidity with which his works were translated into Spanish clearly demonstrates. But if the translation of Italian texts is meagre, translation of Galician literature into Italian is, on the other hand, much more abundant, thanks to the work of Guido Battelli.

¹ A elaboración deste artigo foi posíbel grazas a unha axuda para a creación de grupos de investigación da Xunta de Galicia (código: PGDIT05PXIA20401AF).

No presente traballo tentamos afondar no estudo das relacións literarias entre a literatura italiana e a literatura galega. Por máis que aínda son escasos os traballos que, até o día de hoxe, levaron a cabo análises comparativas entre ambas as literaturas, cremos que traballando nesta liña investigadora, pódese chegar a resultados interesantes, sempre e cando se teñan presentes as circunstancias específicas que configuraron e determinaron entrambos sistemas literarios.

Centraremos o noso estudo nas alusións á literatura e á cultura italianas aparecidas na revista galega *Nós*, publicación cultural editada en Galicia desde o ano 1920 até 1935 e que constituíu un referente imprescindible, aínda que non ó único, da cultura galega do século XX.

O 30 de outubro de 1920 saía do prelo en Ourense o primeiro número da revista *Nós*, co gallo de reivindicar a personalidade e a cultura de Galicia, ao tempo que tamén pretendía a súa modernización e a procura dun lugar de seu no mundo contemporáneo. Motivo polo cal, ademais de percorrer todas as manifestacións culturais galegas, a publicación galega prestaba unha grande atención a Portugal e tamén ofrecía cumpridas alusións á cultura europea. A revista levaba o subtítulo de “Boletín Mensual da Cultura Galega”, co que deixaba claro que se trataba dunha revista de cultura en xeral, con artigos tanto de carácter científico (arqueoloxía, etnografía, antropoloxía, socioloxía, filosofía...) como literario.

O núcleo fundador da revista foi o coñecido como “Cenáculo ourensán”, formado por Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas, homes ilustrados que volveron os seus ollos á cultura de Galicia e buscaron situala á altura das principais culturas europeas. Ao seu carón, Castelao, Ramón Cabanillas e Antonio Losada Diéguez. Ao mesmo tempo, tamén colaboraron nela representantes das artes plásticas como Seoane, Maside, Colmeiro e dos círculos literarios como Carballo Calero, Fernández del Riego, Blanco Amor, Bouza Brey ou Pimentel.

Estes autores, galeguistas e nacionalistas, posuían estudos universitarios, con dominio de idiomas estranxeiros (principalmente da lingua francesa, aínda que tamén outras, dependendo dos seus intereses persoais) o que lles permitiu un acceso directo e de primeira man a outras literaturas e manifestacións culturais. Así mesmo, tamén viaxaron por Europa adiante, entrando en contacto

cos movementos e as manifestacións contemporáneas máis salientábeis e adiantadas.

A revista contaba ademais coa colaboración de autores estranxeiros (portugueses, irlandeses, cataláns, franceses, italianos) e mantiña intercambios con outras revistas europeas: alemás, inglesas, italianas, suízas, francesas, deste modo estaban ao tanto do que acontecía en Europa. Estivo pois á altura de tantas revistas contemporáneas do seu momento e os seus colaboradores intercambiaron artigos, experiencias e creacións poéticas, co claro obxectivo de situar a cultura e a literatura galegas por novos vieiros, vieiros xa transitados polas culturas europeas, pero que en Galicia, pola súa condición periférica, se asimilaron con posterioridade.

Con relación específica á cultura e ás letras italianas é preciso sinalar que os responsábeis da publicación *Nós*, dados os seus presupostos ideolóxicos e culturais, postulaban un maior interese por aquelas culturas que estimaban máis próximas á galega, motivo polo que mostran unha maior afinidade e un contacto máis estreito coas culturas de países como Irlanda, Francia, Alemaña e Portugal, e, pola contra, unha menor atención á denominada cultura mediterránea, á que consideraban responsábel da situación presente de tantas culturas minoritarias.

69

Porén, a pesar das súas afirmacións teóricas, na práctica o seu distanciamento das culturas chamadas mediterráneas non se cumpriu e, deste xeito, pódese afirmar que si existiron relacións culturais, concretamente relacións literarias con Italia, xa foran directas ou indirectas, como teremos ocasión de presentar a continuación, que amosan claramente como o equipo redactor da revista *Nós* e os seus colaboradores non se mantiveron pechados a outras manifestacións culturais en principio alleas aos seus principios programáticos. A pesar do sinalado, estimamos que foi máis forte o desexo de amosar unha cultura galega ao mundo, por exemplo, a través das traducións noutras linguas europeas, que o feito de manifestar unha maior vinculación coas culturas atlánticas e potencialmente “celticas”. O cal explicaría o feito de que se recollen na revista traducións de linguas mediterráneas, como foi o caso das traducións en lingua italiana de poetas galegos contemporáneos e algunha que outra tradución en galego de textos italianos de variado tipo.

Entre as mencionadas culturas celtas e de orixe atlántica está, sen dúbida ningunha, a veciña Portugal, onde os redactores da revista buscaron novos

referentes e afinidades culturais, circunstancia que lles levou a establecer canles de colaboración con autores portugueses e a potenciar a publicación de traballos de autores portugueses en Galicia e de autores galegos en revistas portuguesas. Por poñer algún exemplo podemos citar a celebración de semanas culturais no Norte de Portugal e en Galicia, a presenza na Universidade de Santiago de Compostela de profesores de lingua e literatura portuguesa, etc., circunstancias todas elas que favoreceron o intercambio de relacións literarias e culturais entre ambas as comunidades (Piñeiro 1982, Ribera Llopis 1983, Capelán 1994, Freixeiro 1994). Precisamente esta estreita relación co sistema literario portugués, máis desenvolvido e máis consolidado, permitiu o contacto con outros ámbitos culturais, como sería o caso concreto do ámbito francés, coa figura de Philéas Lebesgue e de Giacomo Prampolini e Guido Battelli no mundo das letras italianas. Pois a característica común destes tres nomes, todos eles vinculados á revista *Nós*, é que os tres están relacionados dun xeito ou doutro coa literatura portuguesa, é dicir, ambos os tres eran lusitanistas.

Con anterioridade á publicación do primeiro número da revista, Vicente Risco manifesta nunha carta a Philéas Lebesgue, con data de 26-1-1920:

70

considero interessante de dizer a V^a Ex. que os autores de fóra que mais se len na Galliza são: Maetrelinck, Eça de Queiroz, Guerra Junqueiro, d'Annunzio, Vargas Vila e Rubén Darío. Os mais exquisitos gostan melhor de Mallarmé, Lorrain, Ibsen, Eugenio de Castro e Teixeira de Pascoaes. A nova geração le os rusos, e os mais adiantados, que são poucos, prefiren aos cubistas e aos futuristas, e len Apollinaire, Max Jacob, Revendry, Cendrars, Dermée, ous os italianos: Marinetti, Paolo Buzzi, Soflici. Eugenio Montes que é o mais forte da nova geração (conta 19 anos) publica no boletim do partido nacionalista galego poemas cubistas e estudos sobre Walt Ahitman, Rimbaud, Apollinaire, Ezra Pound, etc. Também é muito prezado hoje em Galiza Rabindranath Tagore (Figuerola 1996: 89).

Como ben se pode observar, Risco cita entre os autores italianos lidos polos seus compañeiros de xeración, a Gabriele D'Annunzio², tal e como volverá repetir varios anos despois, esta vez si nun artigo publicado no número 115 (1933) da publicación e titulado "Nós, os inadaptados": no mencionado traballo, falando das lecturas e autores preferidos e admirados polos seus coetáneos

² Mencions a D'Annunzio aparecerán noutras ocasións. Nun artigo de Antón Vilar Ponte, *Nós*, 4, 1921, de novo aparece citado D'Annunzio, como referente e modelo estético de Valle-Inclán.

soamente cita a D'Annunzio como “úneco italián que entraba na nosa preferenza” (p. 116). Na carta a Lebesgue, Risco presenta aos lectores galegos máis novos e máis modernos como admiradores da moda cubista e futurista, citando o seu abandeirado Marinetti e a algúns dos seus acólitos como Buzzi e Soffici³.

É preciso ter presente que nos estamos a referir a unha literatura periférica, polo que mentres que en Italia o Futurismo xa perdera interese como vangarda cara a 1920, en Galicia aínda nesas datas aparece mencionado como un movemento de progreso e de modernidade (Figueroa 2002:60). Recordemos con relacións ás vangardas que limitamos o noso traballo a unha publicación moi concreta, *Nós*, motivo polo que agora non nos ocuparemos da presenza das vangardas e do futurismo en Galicia, que si tivo o seus representantes en Manuel Antonio e en Amado Carballo (Axeitos 1997).

O interese dos responsábeis da revista galega que nos ocupa polas culturas minorizadas, coas que en boa medida se identificaban, vese con claridade na inclusión no seu número 4 (1921) dunha poesía en tradución galega do autor armenio Hrand Nazariantz acompañada dun comentario biográfico e crítico de Vicente Risco. No mencionado comentario aclaratorio Risco cita o poeta italiano Enrico Cardile, en calidade de tradutor das poesías do armenio Hrand Nazariantz⁴ do francés ao italiano. Podemos precisar que este autor armenio escribía en francés e a súa situación de exiliado sen patria e escritor noutra lingua sen dúbida que lles debeu de parecer interesante e, en certo modo, aplicábel á situación da lingua e da cultura galega.

O aspecto máis importante de estudio introdutorio anteriormente citado, e que nos interesa resaltar aquí, é o feito de que na mencionada nota Risco, autor da mesma, fai referencia a diferentes revistas italianas de enorme importancia na cultura e na literatura italiana de principios de século. Con moita

³ Os tres italianos están ligados ao movemento de vangarda denominado Futurismo: F.T. Marinetti (Alexandría, Exipto, 1876-Bellagio, Como, 1944); Buzzi (1874-1956); Ardengo Soffici (poeta e pintor 1879-1964). Ao movemento futurista como sinónimo de vangarda e modernidade referiranse en diversas ocasións os redactores e colaboradores da revista *Nós* ao longo da súa traxectoria editorial.

⁴ Hrand Nazariantz naceu en 1880 en Istambul 1880 onde seu pai estaba exiliado por defender a independencia armenia. Nazariantz criouse polo tanto en terras afastadas das súas orixes. Refuxiado en Europa e tras diversas peripecias, instalouse en Italia, onde foi perseguido polo fascismo. En 1951 publicou o manifesto do Graal. Morreu en Bari en 1966.

probabilidade a fonte de información necesaria proveña do prólogo do mencionado Cardile:

En 1910 tivo que deixar Constantinopla e foise á Italia, onde se xuntou ó movemento renovador da literatura italiana con Enrico Cardile, Gian Pietro Lucini y-outros. Era o movemento que s'iniciara nas revistas *Leonardo* e *La Voce*, e logo *Le Parvenze* e *Ars Nova*"... Ten ademáis estudos crítecos sobre d'autores armenios, Marinetti y-o Futurismo, o Tasso y-os seus tradutores, as literaturas belga, rusa e italiana (p. 17).

Unha vez máis aparece citado de novo o movemento futurista con algúns dos seus principais representantes como Cardile e Lucini⁵. Ademais, tal e como xa apuntabamos anteriormente, no comentario de Risco menciónanse revistas italianas de fundamental importancia no panorama literario italiano de principios do século XX, como é o caso de *Leonardo* e *La Voce*⁶. Como vemos, Risco non era descoñecedor da situación literaria italiana, ou, polo menos, estaba informado das principais cuestións e, o que é máis importante, transmite esa información relativa a nomes de autores e de publicacións literarias aos lectores de *Nós*.

72

No número 34 de 1926 *Nós* publica en versión galega un dos primeiros textos poéticos italianos o famoso "Cántico do sol', asegún San Francisco" acompañado dun artigo titulado "No centenario de San Francisco d'Asís", e aínda que estas dúas colaboracións aparecen anónimas, con moita probabilidade, poderíase afirmar que o autor sería Otero Pedrayo.

As boas relacións persoais e culturais mantidas con intelectuais e artistas de Portugal propiciaron o intercambio de colaboracións e de revistas. Estas últimas aparecerán puntualmente mencionadas na revista *Nós*, en ocasións, sinalando só o sumario das mesmas e, noutros casos, acompañadas dun breve comentario. A lectura atenta destes índices permítenos confirmar o que xa suxerimos previamente, é dicir, que as relacións entre as letras portuguesas e italianas eran fluídas, tal e como o demostra a presenza de profesores invitados italianos nas diferentes Facultades de Letras portuguesas. Así no número 61 (1929) de *Nós*, na presentación do sumario da revista de Coimbra *Biblos*,

⁵ Gian Pietro Lucini (1867-1914), poeta e escritor; en 1911 afástase do grupo dos futuristas.

⁶ A revista *Leonardo* publicouse en Florencia entre os anos 1903 e 1907. *La Voce* entre 1908 e 1916. En ambas xogaron un papel decisivo G. Prezzolini e G. Papini.

aparecerá mencionado o significativo artigo do profesor italiano Guido Vitaletti⁷, “Il contributo dell’Italia agli studi lusitani negli ultimi cinquant’anni”.

É importante destacar a relación literaria mantida por *Nós*, segundo parece, por petición expresa do señor Giacomo Prampolini, coa revista literaria italiana *La Fiera letteraria*⁸. O sr. Prampolini⁹, estudoso de historia da literatura, tradutor e coñecedor de múltiples linguas, ademais de colaborador da citada publicación, estableceu contacto con Vicente Risco para coñecer, de primeira man, a literatura que se estaba a escribir en Galicia. Estimamos que, con moita probabilidade, os contactos de profesores italianos coa cultura portuguesa lles permitiron acceder ao coñecemento da revitalización da literatura galega polo que, de novo as relacións italo-portuguesas foron decisivas para a exportación ou, polo menos, para o coñecemento doutras realidades literarias da península ibérica¹⁰. O novo contacto aparecerá reflectido no número 62 de *Nós* correspondente a 1929 onde R. Otero Pedrayo comenta pomposamente a chegada á redacción da revista italiana *La Fiera Letteraria* grazas á iniciativa e ao entusiasmo do Sr. Giacomo Prampolini

Nós comenzou o troque co-a sonada revista italiana *La Fiera letteraria*, a iniciativa do Sr. Dr. Giacomo Prampolini, que nos fixo o ousequio de nos escribir para s’informar da renacencia das nosas letras, das que tenciona ocuparse na *Fiera* e máis en *Nord-Sud*.

73

Aínda que parecen dúas revistas diferentes é a mesma, *La Fiera Letteraria* e dentro da mesma, había unha sección fixa de Giacomo Prampolini dedicada ás letras de fóra e que se titulaba *De Nord a Sud*.

⁷ Guido Vitaletti (1866-1936), estudoso de literatura e folclore.

⁸ A revista de periodicidade semanal inicia a súa andaina en Milán o 13 de decembro de 1925 co nome de *Fiera letteraria*. *Giornale settimanale di lettere, scienze ed arti*, baixo a dirección de Umberto Fracchia, ensaísta e novelista de sensibilidade crepuscular. En 1928 transfírese a Roma coa dirección de G. B. Angioletti e Curzio Malaparte. Ao ano seguinte cambiará o nome en *L’Italia Letteraria* e manterase até o ano 1936, co mando de Corrado Pavolini e posteriormente de Massimo Bontempelli. O semanario nace, como declara o mesmo Fracchia nunha editorial baixo o significativo título de *Esistere nel tempo*, coa intención de “fare un giornale che fosse letto dal maggior numero di persone e sia pure senza rinunciare al culto delle cose belle e buone”, e “una incondizionata adesione e solidarietà con il tempo”. A revista ofrecerá puntual información da situación cultural internacional. Nesta mesma publicación, entre 1925 e 1926, publicará Luigi Pirandello a súa novela-ensaio *Uno nessuno e centomila* acerca da disgregación da persoa humana.

⁹ Giacomo Prampolini (Milano, 1989-Pisa, 1975).

¹⁰ Mencionaremos ao respecto o estudo de José Cervaens Rodrigues, *Litteraturas mortas?: (breves estudos sobre as litteraturas gallega, euskara, italiana e catalá)*, Porto: Lopes, 1911. En 1921 publicouse unha segunda edición con algunha *addenda*.

En resposta á invitación do señor Prampolini, Risco supoñemos que, ademais de diferentes números de *Nós*, envioulle un exemplar de *O porco de pé* e un volume do dicionario de L. Carré, nunha operación semellante á efectuada con Philéas Lebesgue (Figuroa 1996).

Os froitos desta recente relación literaria mostraranse no número 64 (1929) da publicación galega. Na páxina 76 do mencionado número aparece un longo comentario dos números 5 ao 10 de *La Fiera Letteraria*. O autor da crítica, moi certamente, antes de empezar coa descrición e, dado que se trata dunha revista de filiación italiana, leva a cabo un breve pero moi lúcido esbozo da recepción en terras galegas da literatura italiana e en xeral da literatura europea, ao que coidamos que non se lle deu a importancia que se merece. Expón que, fronte á admiración que sentían por Italia e pola súa literatura figuras do talle de Curros Enríquez e Pondal, o cal é moi certo e aínda en fase de análise crítica, a influencia das letras francesas coas súas modas simbolistas e decadentistas e as narrativas rusa e nórdica, provocaron que os únicos literatos italianos que lograron salvarse do esquecemento das letras italianas fosen Carducci e D'Annunzio. Continúa a súa exposición sinalando, unha vez máis, que do resto do mundo literario italiano solo eran coñecidos os futuristas e remata o seu comentario augurando un maior coñecemento da literatura italiana actual grazas ao intercambio das respectivas revistas. É dicir, Risco mira cara ao futuro das relacións literarias italianas e españolas pero partindo do pasado até chegar ao presente.

74

Dada a importancia da recensión estimamos oportuno presentala na súa totalidade.

LA FIERA LETTERARIA,
Milano, ns. 5 a 10, ano V.

Interesantísima publicación literaria, un pouco pol-o estilo (cecais principalmente pol-o feito de diario que ten) de *Les Nouvelles littéraires* de París e de *La Gaceta literaria* de Madrí, aunque mais nacional que calqueira da dúas, que ten unha posición relevante no mais adiantado movemento das letras italianas de hoxe en día.

Leendo *La fiera letteraria*ponse un en comunicación co-esta que xa van chamando a *quarta Italia*, movimentada e nervosa, na procura ardente de sí mesma. Houbo un tempo no que a Hespaña inteira estivo pendente da Italia, e lía con afán ós homes do *risorgimento*. Foi d'aquela cando en Galiza se lían tamén os escritores italiáns. Os libros italiáns tiñan un posto de honra na

bibrioteca de Pondal. Despois d'aquelo, a influencia francesa –os románticos, os parnasianos, os naturalistas, o curioso, abigarrado e espréndido *fin de siècle*, co decadentismo e o simbolismo–, a importación das literaturas nórdicas, escandinava e rusa, etcétera, desviou a atención da Italia, da que soilo viñan as derradeiras voces de Carducci e a brillante sonería de D'Annunzio. O demais éranos descoñecido (salvo, derradeiramente, os futuristas). Ficaba entre nós algún afeitoado ás letras italianas, coma o noso compañeiro Antón Lousada Diégues, gran lector de Fogazzaro, e tradutor en galego d'algúns poemas de Leopardi.

Por isto todo, a Italia literaria de hoxe ha ser pr'os mais de nós, unha sorpresa. E con seguranza que para case todos, ha resultar moito mais dino d'intrés e d'estudo do que s'imaxinaban. Aínda hoxe hai entre nós e ten que haber unha certa desconfianza contra da Italia de hoxe debida ós maus ollos con que se mira o fascismo, o qual, ademais, ollado de lonxe, semella outra cousa moi diferente do que ceicais é s'un a olla de perto. O mesmo qu' o comunismo ruso.

Unha boa ollada en col do que hoxe acontece na Italia no terreo do espírito, díceo no número do 17 Febreiro da *Fiera* o artigo *La gioventu de oggi*, que remata un inquérito feito no profesorado universitar e das escolas superiores. Concuíe que a mocidade italiana de hoxe posée: “un mais alto sentimento da dinidade nacional, unha meirande coñecencia da vida e un mais vivo senso realísteo”, e si ten menos inquedanza, menos curiosidade intelectual e pol-o tanto escaso gosto pol-a ciencia pura, a filosofía e a arte –defeitos pol-o demais de toda a mocidade do mundo occidental –tamén en troques está ceibe do escepticismo, do pesimismo, do cosmopolitismo, etc.

La Fiera letteraria, ademais dos artigos notábeles que enchen as primeiras páxinas (ten oito), traí sempre seizon adicadas ás belas artes, ó teatro, ós libros da semán, ás novidades bibliográficas e mercado d'edicións antigas, a literaturas extranxeiras, crónica centífeca, filosófica, etc. Isto todo fai d'ela unha fonte informativa de moito valor.

No número do 24 Marzo e na seizon *Nord-Sud*, e baixo a rúbrica: *Un romanzo galego*, o Dr. Giacomo Prampolini insere unha garimosa apreciación de *O porco de pé*, de Vicente Risco, e do *Diccionario galego-castelán*, de Leandro Carré.

A importancia da cita reside en que toda a información está enfocada desde a perspectiva galega. Intenta explicar e, ao mesmo tempo xustificar os, até ese momento, escasos contactos literarios co mundo italiano. Son moi ilustrativos os comentarios relativos á relación mantida por algúns escritores galegos do *Rexurdimento* coa cultura italiana, como se observa na alusión á filiación italiana de Pondal e na indicación das simpatías coas que os galegos do

Rexurdimento miraban a independencia italiana¹¹. Os dous autores italianos mencionados no comentario: Carducci e D'Annunzio, con toda seguridade, eran as dúas figuras literarias italianas contemporáneas máis lidas e traducidas na Península Ibérica e, por conseguinte, tamén as máis coñecidas en Galicia.

Ao mesmo tempo tamén é necesario destacar no texto a alusión a un dos membros colaboradores da revista, Ramón Losada Diéguez, como admirador e divulgador da literatura italiana en Galicia. Desgraciadamente a súa temperá desaparición en 1929, impediu que este labor chegase a producir maiores froitos no campo da tradución italiano-galega e da divulgación literaria. Todo isto explica o feito de que co gallo da súa morte, a revista *Nós* lle dedicou no seu número 71, un afervoado recordo e, como homenaxe póstuma, publicou algúns traballos inéditos, entre eles a tradución do soneto XV da *Vita Nuova* de Dante Alighieri (p. 192).

76 No número 73 de novo se lle rende póstuma homenaxe ao finado intelectual galeguista coa publicación dun traballo inédito sobre a prosa galega. No mencionado escrito Losada Diéguez con grande acerto apuntaba que as traducións ao galego de artigos escritos noutras linguas con temáticas interesantes e actuais constituían unha moi boa ocasión para enriquecer a prosa galega: “Facer traducións ô galego de cousas qu-o merezan coído qu-é tamén abranguer requezas e domear a fala adoandoa â diversidade dos pensamentos e d-as cuestións mais alleas” (p. 5); e para predicar co exemplo preséntanos unha tradución, imaxinamos que obra súa, pois era bo coñecedor da lingua italiana, dun artigo de crítica filosófica “Espazo e tempo”, traballo de filosofía do “Dott. Prof. Ludovico Necchi¹². Ord di Biologia nell’Università cattolica”, datado en 1922.

En datas recentes, novos descubrimentos na biblioteca de Losada Diéguez, sacaron á luz traducións inéditas ao galego procedentes das literaturas italiana e francesa (Losada 1999).

Volvendo á última parte do comentario no que se comenta con certo orgullo a positiva acollida dos textos galegos en *La Fiera Letteraria*, en concreto *O*

¹¹ Véxase o *Divino sainete* (1888) de Curros Enríquez, en edición bilingüe de Andrés Pociña, Madrid: Akal, 1992.

¹² Ludovico Necchi (Milano, 1876-1930), médico, catedrático de Bioloxía da *Università Cattolica del Sacro Cuore* de Milán.

porco de pé de Risco e o dicionario de Carré Alvarellos, cómpre sinalar que mergullándonos en bibliotecas italianas atopamos na revista italiana do 24 de marzo de 1929, na sección *Nord-sud*, a descrición de Giacomo Prampolini á que fai referencia o comentario de *Nós* e que, polo seu valor inédito, tamén incluiremos enteira:

Un romanzo galego

La figura del protagonista, Don Celidonio, è quello ormai non insolita dell' esercente arricchito che sale ai fastigi delle cariche politiche locali, ma Vicente Brisco [sic], apprezzato scrittore galego, nel suo romanzo "O porco de pe", uscito nelle edizioni "Nós" a La Coruña, ha saputo precisarla con elementi regionali, in modo da farne una macchietta gustosissima e piena di vita. Egli prende il suo eroe agli inizi della fortunata carriera, quando non ha ancora negozio (questo li verrà con le nozze) nè è spuntato sul suo orizzonte il sarto-mago che farà di lui un signore, e lo accompagna – mentore volta a volta ironico, malizioso, sarcastico- lungo la trepida ascesa agli onori di alcalde e conseguenti amarezze. Memoranda è l' andata a Madrid, in qualità di rappresentante delle "energie vive" della regione; nella capitale i sensi del prospero salumiere conoscono voluttà extraconiugali e, ahimè, non senza strascichi meno graditi, mentre il suo spirito è folgorato dalla rivelazione di ciò che può costare un quadro d' autore, e insieme disgustato dal fatto che, sgorbiando con quattro pennellate un pezzo di tela, "un artista" possa guadagnare quanto lui col suo negozio. Ma prima del viaggio ha fatto un' altra scoperta importante: "era riuscito a sapere che esistevano dei piccoli arnesi, o cose simili, chiamati libri, del tipo di quelli che teneva sopra il banco, ma che invece di portare numeri scritti a penna, erano stampati come i giornali che danno le notizie e servono per avvolgere pacchi nonchè per altri usi più riservati".

Il tono generale del libro è su per giù questo, con a volte un carattere spiccato di caricatura e accenti eroicomici o parodistici quasi eccessivi. Ma, poichè l' azione si svolge rapida fra un brulicar di figure secondarie e non meno compiute e vivaci, si arriva alla fine senza interruzioni per scemato interesse. Dalla Galizia ci giunge anche la prima parte di un dizionario galego-castigliano, per cura di Leandro Carré Alvarellos, che promette di essere ottimo ausilio nella lettura dei poeti e dei prosatori ai quali si deve la recente rinascita della letteratura galega e il suo felice riallacciarsi alla gloriosa tradizione dei "troveiros" medioevali".

Este comentario crítico á obra de Risco foi interpretado desde a revista, tal e como xa mencionamos, como "unha garimosa apreciación". Seguramente o autor da novela esperaba unha descrición máis laudatoria e non tan comedida.

Ao noso modo de ver, o señor Prampolini quedou cunha visión máis costumista da obra e non soubo ver a súa intencionalidade e a súa funcionalidade no contexto literario e cultural galego, ademais de amosar o pensamento do seu autor. O que si cómpre resaltar é a referencia ao renacemento das letras galegas tras os séculos escuros e o seu enlace coa gran tradición dos cancioneros galaico-portugueses. A mesma idea ampliada aparecerá de novo uns cantos anos despois na súa “Storia della letteratura galega”, referíndose aos poetas e prosistas do período 1920-1936:

Dopo la prima guerra mondiale il movimento galego, letterario e politico, assunse grande sviluppo: il fenomeno va inserito in quel risveglio delle minoranze nazionali che susseguì, in tutto il mondo, al grande conflitto. Il nuovo fervore culturale si esprime in un numero notevole di riviste: “A nosa terra”, fondata nel 1916 in A Cruña, soprattutto politica; “Nòs”, che uscì dal 1920 in poi a Ourense, letteraria e folkloristica; “Céltiga”, bilingue, fondata nel 1923 a Buenos Aires. I giovani di allora importarono i programmi e i procedimenti tecnici delle avanguardie europee, dal futurismo al dadaismo, assoggetando a un singolare esperimento una letteratura e una lingua da poco rinate, ma insime collaudandone i mezzi e ampliandone le possibilità. Il balzo verso la modernità più intransigente apparve persino troppo brusco; per fortuna, fra gli innovatori non mancarono gli ingegni, cosicchè il loro contributo fu realmente prezioso alla causa culturale della Galicia¹³.

78

Por máis que o traballo do señor Prampolini ten unha grande importancia na difusión da literatura galega en Italia, en Europa e no resto dos países, grazas á súa difusión e tradución en diversas linguas, non foi moi xusto e ecuánime coa revista *Nós*, a que cualifica como “literaria y folclórica”. Estimamos que en todo caso, sería máis axeitado definila como unha revista literaria e cultural, ou unha revista literaria e etnográfica. A pesar de todo, estimamos que non se lle concedeu a importancia que merece á figura de Giacomo Prampolini como divulgador da literatura galega no mundo.

Unha proba evidente da importancia das revistas literarias e culturais daquela época como vehículo transmisor de ideas e de modas literarias témo-la no feito de que a enquisa que aparece recollida na *Fiera Letteraria* entre 1928

¹³ G. Prampolini, “Letteratura Galega”, no vol. VI *Letterature iberiche*, da *Storia Universale della Letteratura*, Torino: Utet, 1933-38. Citamos pola 3ª ed. de 1961, pp. 67-93. A cita corresponde á páxina 82. Tamén hai unha tradución en castelán *Historia de la literatura universal*, Buenos Aires: Uteha, 1956, p. 525.

e 1929 baixo o título “La gioventù d’oggi” será obxecto de comentario, entre outros, tanto por parte da redacción de *Nós* en Ourense como por parte de A. Gramsci en Italia, na súa clásica e imprescindíbel obra *Lettere dal carcere 1926-1937*. Ao longo da mesma o filósofo e crítico italiano comentará puntualmente os artigos máis interesantes lidos no semanal italiano:

<(148)>*Passato e presente. Inchiesta sui giovani*. L’inchiesta “sulla nuova generazione” pubblicata nella “Fiera Letteraria” dal 2 dicembre 1928 al 17 febbraio 1929. Non molto interessante. I professori d’università conoscono poco i giovani studenti. Il ritornello più frequente è questo: i giovani non si dedicano più alle ricerche e agli studi disinteressati, ma tendono al guadagno immediato... “V”è oggi fra i giovani scarsa *pazienza* per gli studi scientifici e storici; pochissimi affrontano un lavoro che richieda lunga preparazione e offra difficoltà di indagine. Vogliono, in generale, *sbrigarsi* degli studi; tendono soprattutto a collocarsi rapidamente, e distaccano l’animo dalle ricerche disinteressate, aspirando a *guadagnare* e repugnando alle carriere che loro paiono troppo lente. Malgrado tanta “filosofia” in giro, è povero il loro interesse speculativo; la loro cultura si vien facendo di frammenti; poco discutono, poco si dividono fra di loro in gruppi o cenacoli cui sia segnacolo una idea filosofica o religiosa. Il tono verso i grandi problemi è di scetticismo, o di rispetto affatto estrinseco per coloro che li prendono sul serio, o *d’adozione passiva di un “verbo dottrinale”*...¹⁴

79

O comentario da revista *Nós* aos resultados da sondaxe limitábase a unha breve paráfrase, pero non por iso deixa de ofrecer grande interese para a análise da importancia das revistas literarias deses momentos na creación dunha conciencia crítica europea e o feito de facilitar o intercambio de ideas entre os seus lectores de acordo coa súa posición cultural e a súa recepción noutras áreas en principio alleas ao contexto no que foron creadas.

O contacto e intercambio de revistas entre *Nós* e *La Fiera letteraria* continúa ao longo do ano 1929, motivo polo cal no número 66 da revista galega aparecerán novas referencias aos tres primeiros números da revista italiana, publicación que xa cambiara o título de cabeceira, agora se denominaba *L’Italia letteraria*, aínda que tamén continuaba a manter o título anterior a modo dun segundo título, coa intención de que fose recoñecida como unha revista que xa viña de antes e que non era nova:

¹⁴ A. Gramsci, *Quaderni del carcere*, ed. de V. Gerratana, Torino: Einaudi, 1975, vol. I, pp. 675-6.

Como vén sendo habitual interpretaranse certos comentarios recollidos na publicación italiana de acordo coa súa posición de literatura periférica e minorizada en loita cun poder cultural centralizador, é o que o seu redactor denomina “paralelizar”, é dicir, traspasar a mesma situación italiana á realidade galega:

O notabilísimo semanario italián *La Fiera letteraria* trasladouse de Milán, onde se publicaba, pra Roma, e trocou o nome que levaba pol-o de *L'Italia letteraria*. O primeiro número transformado surtiu o 7 d'Abril. O espírito é o mesmo; G.B. Angioletti, no seu *Saluto a Roma*, dí que un amigo escribelle â capital: “Non esquecel-a nosa vella e querida Lombardía”, e que algúns dos que o despediron en Milán, decíanlle: “En Roma gatarédesvos, en Roma non traballaredes, en Roma estase demasiado ben, e as iniciativas literarias cân unha atrás d'outra antre a indifrenza universal”. Verbo d'isto, poderíamos comentar ou millor ainda, paralelizar.

Nos tres números que temos recibido de *L'Italia letteraria* atopamos moitas cousas dinas de nota, antre elas, *Un idillio letterario di Giovanni Verga*, a novela de Carlo Linati *Umanita “au valenti”*, *Fasti e decadenza de l'Adagismo*, de moito espírito, *San Benedetto, gentiluomo nella Casa di Dio*, de Cesare Angelini, co-as seizóns de costume, e notas de Giacomo Prampolini en col de escritos de Jose Francesco Pastor sobre o espírito español e de Rovira Virgil sobre o sport (p. 111).

80

Nesta ocasión o comentario é moito menos interesante que na ocasión anterior. O seu autor limitouse a ler moi por enriba o artigo onde o director da revista italiana comenta o seu traslado de Milán a Roma e a mención apresurada de tres artigos correspondentes a cada un dos tres números comentados e que, dado que tivemos ocasión de manexar as revistas italianas orixinais, non son de ningunha maneira do máis interesante. A referencia a Verga é simplemente un artigo acerca dunhas cartas a unha muller da que o escritor italiano estivo namorado, a segunda aínda que se lle chama novela, en realidade é unha narración breve, é dicir, unha “novella” en lingua italiana, e a terceira é un comentario á figura de San Bieito.

Entre os autores italianos contemporáneos citados aparecen Carlo Linati e Cesare Angelini e de novo cómpre mencionar un novo paralelismo coa revista *Nós* e os seus colaboradores, dado que, Carlo Linati, un dos escritores nomeados, foi un dos primeiros tradutores de *Ulysses* en lingua italiana, non da obra completa, pero si de breves episodios, en 1926¹⁵. Paralelamente, nese

¹⁵ Os fragmentos traducidos publicáronse en *Il Convegno, rivista di letteratura ed arte*, VII, nºs 11-12, 1926.

mesmo ano, no número 32 da revista galega tamén apareceron as primeiras traducións da obra de Joyce en galego, da man de Otero Pedrayo. Unha vez máis, podemos asegurar que a revista galega non quedaba atrás en canto aos contactos coa cultura e a literatura contemporánea e coas novidades máis recentes.

Seguindo co fío cronolóxico da revista *Nós*, con posterioridade, no número 98 correspondente ao ano 1932 aparece unha relación de subscritores estranxeiros e como publicación italiana unicamente se menciona *La Fiera letteraria* de Milán a pesar de que facía xa varios anos que a sede editorial se trasladara a Roma e que aínda que mantiña tamén o título anterior, o encabezamento principal respondía o título de *L'Italia Letteraria*, tal e como a mesma revista galega xa comentara con anterioridade.

Sen dúbida ningunha, por todo o sinalado até o momento, o ano 1929 foi decisivo para as relacións italo-galegas dado que durante todo ese ano se establecerá contacto coa *Fiera letteraria*, relación literaria que se verá cumpridamente reflectida en dúas ocasións e que é claro exemplo do interese dos responsábeis de *Nós* por este tipo de amizades literarias. A partir desa data, descoñecemos o motivo polo que desaparecerán as mencións á revista italiana. É posíbel pensar que a desaparición de Losada Diéguez, o máis italianista do grupo, tivese algo que ver, ou talvez fosen motivos doutro tipo, por exemplo, resentimento pola falta de alusións á revista galega ou algún outro motivo que descoñecemos. En calquera caso foi unha pena a interrupción do contacto, que impediu un maior achegamento entre ambas as literaturas europeas. A modo de exemplo podemos sinalar que no número de *L'Italia Letteraria* do 2 de marzo de 1930 Ungaretti escribiría un artigo sobre o *Ermetismo*, movemento poético italiano de extraordinaria importancia no contexto europeo.

Por outra banda, curiosamente tamén nese mesmo ano de 1929 iniciáranse en *Nós* as mencións a diversos artigos do profesor italiano Guido Battelli¹⁶. O profesor Battelli viña colaborando, desde había algún tempo, en diversas revistas portuguesas con traballos de temática variada, que poderíamos incluír nun amplo apartado sobre relacións culturais entre Italia e Portugal dunha

¹⁶ O profesor italiano (Florenca, 1869-1955) era coñecido en Italia pola súa participación en diversas revistas de carácter tradicional e filiación católica.

banda e por outro lado artigos varios dedicados á divulgación da literatura portuguesa en Italia. Citaremos algúns destes artigos, todos eles publicados unicamente en revistas portuguesas, pero cuxos títulos aparecerán recollidos na sección fixa de *Nós* denominada “Os homes, os feitos, as verbas”, dentro do apartado “Revistas” dedicado a comentar as diferentes publicacións chegadas á redacción: “Domenico Vandelli e il Giardino Botanico de Coimbra”; “Il viaggio nuziale dell’infanta Eleonora di Portogallo”; “Aspectos e figuras da nova Italia”; “El Niño Jesús de Cebú y la Primera Cofradía Religiosa de Filipinas”; “Parisio Cataldo Giculo”; “Le *Saudades Paganas* di Anthero de Quental e la poesía clásica di G. Carducci”.

Ademais destes artigos, o que nos interesa especialmente destacar é que, a partir do ano 1930, practicamente desde a súa chegada a Coímbra como profesor visitante, Battelli converterase en colaborador directo da revista *Nós*, mediante a publicación de traducións en italiano de poetas galegos contemporáneos. Pódese pensar que este xesto de Battelli de dar a coñecer a cultura e a poesía galegas en Italia gustou moito aos membros de *Nós*, que decidiron incorporalas á súa publicación ou tamén se podería argumentar que formaba parte dos presupostos programáticos da revista *Nós* o feito de espallar a cultura galega en ámbitos máis distantes e diferentes, mediante traducións nas diferentes linguas europeas. Os textos traducidos por Battelli corresponden aos seguintes poetas, por orde de aparición: Noriega Varela, Celestino García Romero, Avelino Gómez Ledo, Valentín Lamas Carvajal e a célebre “Cántiga” de Curros Enríquez, ademais dunha tradución dun texto orixinal en castelán de Francisco Villaespesa.

A pesar de que a súa estadía en terras lusas foi moi breve, por problemas de incompatibilidade con algúns profesores da Universidade de Coímbra, en concreto con Eugenio de Castro, a súa marcha non impediu que desde Italia mantivese lazos coa revista *Nós*, á cal seguirá enviando algunhas traducións e anunciando outras futuras que nunca levaría a cumprimento ou que, polo menos, por diversas circunstancias, non chegaron até nós.

Vexamos con calma como foi este proceso. No número 84 (1930) de *Nós* recóllense, na primeira páxina, dous sonetos de Antonio Noriega Varela en versión italiana de Guido Battelli, cunha pequena nota do autor na que anuncia un próximo traballo sobre a poesía galega contemporánea:

Dou eiquí traducidos dous sonetos do volume “D’o Ermo” do insigne poeta galego A. Noriega Varela, que tanto amor amostra por Italia. Axiña darei â luz un *estudo sobre a poesía galega contemporánea*, tan chea de tenrura e de beleza.

O estudo cremos que non se realizou ou sería posíbel pensar que fosen as diversas poesías, espalladas nos diversos números da revista, o traballo que tiña intención de publicar. En canto ao “amor” de Noriega por Italia, compartido por Battelli, estimamos que se refire máis a motivacións ideolóxicas, ambos simpatizaban co fascismo italiano, que a cuestións estritamente literarias.

En febreiro de 1931, na revista *Nós* aparece “Inno alla Galizia” do P. Celestino García Romero, en versión italiana de Guido Battelli. Poema que xa fora publicado na revista *Abrente* en febreiro de 1920 e na revista *A Nosa Terra* o primeiro de maio de 1929. Como apunta Delgado Corral, Battelli puido coñecelo por esta última revista que seguramente revisaría para saber algo máis da cultura galega, ou talvez alguén llo fixo chegar. Cómpre sinalar que a versión italiana modifica o número de versos e aínda que segue de cerca o texto orixinal, ten un desenvolvemento maior na repetición de ideas (Delgado Corral 1999:408).

Nese mesmo ano, no número 93 de *Nós* de novo unha versión italiana de Guido Battelli do romance *A lenda de Carlomagno*, de Avelino Gómez Ledo. “La leggenda di Carlo Magno” do *Romanceiro Compostelán* (1926 61-72), data- da en Coímbra en marzo de 1931. Poderíase pensar, con Delgado Corral, que o profesor Battelli, estando en Portugal, lera exemplares da revista *Nós* e tamén da revista *A Nosa Terra*, probabelmente a través de colegas portugueses.

No número 95 de 1931 aparece publicada unha nova versión italiana de G. Battelli, “Galizia” a partir do poema de Francisco Villaespesa escrito en castelán “Canto a Galicia”.

Ao ano seguinte, no número 104, publícase unha nova tradución de Battelli do poema de Valentín Lamas Carvajal, “Quen poidera chorar”, poema sentimental recollido en *Espiñas, follas e frores* de 1927. Battelli cambia o título orixinal polo de “Pianto”, moito menos representativo e ambiguo pero máis carducciano; e aínda que a súa tradución siga de cerca o texto galego en canto ao contido, perde bastante no que respecta á forza expresiva.

De novo na sección “Os homes, os feitos, as verbas”, do número 106 (1932) da revista galega, no apartado referente aos libros publicados, menciónase a publicación en Italia da tradución da poesía lírica do poeta portugués Antonio Nobre ao italiano feita por Guido Battelli, cunha introdución do mesmo autor. “Antonio Nobre, (Liriche), Tradotte e introduzione da Guido Battelli, Firenze, 1932”.

Na breve recensión que a acompaña, o profesor Battelli aparece presentado como alguén suficientemente coñecido polas súas traducións de poetas galegos ao italiano e un pouco máis adiante anúnciase que o citado profesor, cualificado de “ilustre lusitófilo italián”, está en trámites de preparación dun volume con traducións dos cancioneros galego-portugueses, tarefa que nunca levou a bo porto ou polo menos en ningún momento foi publicada.

O Prof. Guido Battelli, ben coñecido xa pol-as suas traduzóns de poetas galegos ao italián i-a sua coleición de “Poeti Portoghesi Moderni”, na que foron publicadas traduzóns e traballos sober João de Deus i-Anthero de Quental moi interesantes, fina de pubricar un novo libro d-ista serie... O Prof. Guido Batelli anuncia asiña na mesma coleición en que aparez iste volume traduzós dos canzoneiros galaico-portugués (p. 196).

84

A derradeira tradución italiana de Guido Battelli publicada en 1933 no número 119 de *Nós* corresponde a un poema de Curros Enríquez titulado “Cántiga” pero que o profesor cambiou polo primeiro verso do poema “Nel giardino, una notte, seduta”. Nesta ocasión, salvo no cambio de título, segue con bastante fidelidade o texto orixinal.

O denominador común que caracteriza todas estas poesías traducidas, se é que se lle pode encontrar algún, reside na temática en certo modo sentimental e típica de Galicia, cunha selección de poemas onde aparece mencionado expresamente o nome de Galicia e se fala das súas tradicións culturais, e noutra parece que a elección responde a preferencias relixiosas do profesor italiano, que buscaría presentar a Galicia como unha Fisterra cristiá. É dicir, podería pensar que se trata de poesías traducidas por encargo ou talvez non sería en absoluto errado considerar que o mesmo Battelli buscaba presentar en Italia unha idea de Galicia en certo modo cristiá, tradicional e rural, con tintas románticas e sentimentais, de acordo coa súa concepción da arte e da poesía oposta completamente a calquera tipo de innovación.

O valor das traducións apunta, tal e como se demostrou con outros casos procedentes do portugués (Delgado Corral 1999), que Battelli facía e desfacía poesías ao seu gusto, modificando en ocasións o número de versos, traducindo de acordo con parámetros moito máis retóricos e manidos que as que en orixe eran unhas poesías máis frescas e impresionistas, todo isto encamiñado a presentar unhas composicións traducidas que el estimaba que presentaban mellor aspecto para o público italiano, receptor natural das mesmas. Tamén é importante resaltar que as mencionadas traducións, acompañadas dalgún comentario crítico, segundo parece foran recollidas en periódicos italianos da importancia de *La Stampa* de Turín e de *Il Corriere della sera* de Milán, motivo que levaría a críticos como Ramón Carballo nas páxinas de *A Nosa Terra* en 1944, a consideralo un dos grandes defensores e divulgadores da literatura galega en Italia, polo feito de traducir poesías galegas en italiano, ou por falar do renacemento das letras e da cultura galegas en diversos traballos periodísticos en Italia. Algo parecido ao que levara a cabo Philéas Lebesgue desde o xornal *Mercure de France*. Carballo colocará a estes estudosos estranxeiros, Battelli e Lebesgne, a carón de figuras decisivas para a literatura e a cultura galega dos anos 20 e 30 como Portela Valladares, Otero Pedrayo, Ánxel Casal, Vilar Ponte, etc.

85

Guido Battelli, desde as colunas da “Stampa”, de Turín e de “Il Corriere della Sera”, de Milán, informaba ó público italiano sobre o noso renacemento, traducindo poemas de diversos autores e ocupándose da nosa arte e da nosa literatura (*A Nosa Terra*, decembro 1944:4).

Recentemente estivemos en hemerotecas italianas para poder comprobar se estas afirmacións eran certas e aínda que non puidemos consultar todos e cada un dos xornais indicados de finais dos anos vinte e os anos trinta e corenta, nos moitos exemplares manexados non puidemos atopar referencia ningunha a Guido Battelli como colaborador dos xornais que menciona Ramón Carballo, motivo polo que tampouco puido facer difusión da literatura galega en Italia, mal que nos pese. De todos os xeitos trátase dunha afirmación que cómpre aínda explorar na súa totalidade antes de poder confirmala con total seguridade.

Outra mención literaria italiana, exemplo manifesto da actualidade literaria dos responsábeis da publicación *Nós* encóntrase nun dos seus últimos números, concretamente no número 121 (1934) onde Risco titula un apartado despectivamente “O Dante, de Papini”. Sen dúbida referíase ao libro de

Giovanni Papini (1881-1956) *Dante vivo*, publicado en Florencia en 1933 e que nese mesmo ano xa fora traducido ao castelán co título de *Dante vivo. Prolegómenos. Libro primero*. O citado comentario é un ataque persoal contra o escritor italiano, mais sen facer ningunha referencia á obra, polos seus comentarios acerca do modelo cristián representado por Dante. Recordemos que Papini por aquela época era un autor de moito éxito en Italia e en España (Lago 1966).

A recepción de Papini en España tamén aparece ratificada pola propia obra de Vicente Risco. En *Satanás. Historia del diablo* (1956), escrita por Risco en castelán, a presenza intertextual e expresa da *Commedia* de Dante e *Il diavolo* de Papini é claramente perceptíbel.

De acordo con todo o sinalado até o momento podemos afirmar que, sen lugar a dúbidas, dentro do proceso de europeización da cultura galega, as relacións da revista *Nós* co mundo cultural italiano, especialmente o mundo literario, foron menos fluídas que con outras culturas. As alusións a expoñentes da literatura e da cultura italianas, reflicten en maior ou en menor medida as lecturas e os intereses de cada un dos integrantes do grupo redactor da revista e dos seus colaboradores, o que está claro que hai que relacionar dalgún xeito coa difusión e recepción da literatura italiana na Península Ibérica, principalmente a través de traducións e textos críticos. *Grosso modo* podemos centrar esas preferencias arredor de Carducci e D'Annunzio por un lado e a Marinetti e os seus correligionarios futuristas, polo outro. A modo dunha *quérelle* entre antigos e modernos como máximos representantes de dous grupos xeracionais diferentes, os que admiraban a D'Annunzio e os máis modernos e novos que preferían a estética futurista polo que tiña de rexeitamento dos modelos artísticos anteriores. A estes nomes hai que engadir a figura de Papini, autor italiano que gozou de grande éxito en España no século pasado, tal e como demostran a celeridade coa que apareceron as súas edicións en español.

As traducións de textos literarios italianos non son moi numerosas na publicación obxecto do noso estudo, soamente podemos citar o *Laudes creaturarum* de San Francisco e un soneto da *Vita nova* de Dante Alighieri, sendo Losada Diéguez o colaborador máis italianista do grupo.

O contacto co mundo literario italiano daqueles momentos chegou principalmente a través de dúas figuras italianas, os profesores Giacomo Prampolini

e Guido Battelli, e o inicio destes contactos coa cultura galega estableceuse moi probabelmente a través de canles portuguesas.

Guido Battelli, aparece mencionado por primeira vez en 1929 como colaborador de varias revistas portuguesas e, a raíz da súa presenza en Coímbra en calidade de profesor visitante de literatura italiana, establece contacto con elementos senlleiros da cultura galega e en concreto da revista *Nós*, onde empeza a colaborar por medio de traducións en italiano de poesías galegas, traducións que desgraciadamente cremos que non chegaron a ver a luz en xornais italianos a pesar do sinalado por Ramón Carballo.

Giacomo Prompelini, colaborador de *La Fiera Letteraria* e interesado polas literaturas estranxeiras, desexoso de coñecer o que sucedía en Galicia, posibelmente a través das súas relacións coa literatura portuguesa, estableceu contacto epistolar con Vicente Risco ou con algúns dos seus colaboradores e os resultados apareceron nas dúas publicacións periódicas, pero principalmente na revista galega. Anos despois, xa convertido en profesor de historia literaria, no seu monumental estudo sobre a literatura universal, dedicarlle un volume, dos sete que compoñen a obra completa, ás literaturas ibéricas, incluíndo á literatura galega e presentando unha interesante, aínda que ás veces pouco matizada, análise crítica. Por estes motivos, podemos afirmar con seguridade que Prampolini contribuíu decisivamente ao coñecemento e á difusión da literatura galega en Italia e en Europa, como unha literatura de seu, dentro das literaturas ibéricas, pero independente, entre outras, da portuguesa e da castelá.

87

Todo o exposto no presente traballo constitúe un capítulo de grande interese dentro do ámbito das relacións da literatura galega coa literatura e a cultura italianas.

Consuelo de Frutos Martínez
Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía

Axeitos, X. L., "A recepción das vangardas en Galicia", *Boletín Galego de Literatura*, 17, 1997, pp. 7-55.

Capelán Rey, A., “António Sérgio no Instituto de Estudos Portugueses da Universidade de Santiago”, en *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1994, pp. 77-227.

Delgado Corral, C., “Guido Battelli, divulgador de Florbela Espanca e da poesía Galega en Italia”, en Rosario Álvarez, Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1999, 2 vols., vol. 2, pp. 403-414.

Figuroa, A., *Letras alleas. Sobre das relacións con outras literaturas*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1996.

—, “Literaturas minoritarias: autonomía e relacións interliterarias”, *Anuario de estudos literarios galegos*, 2002, pp. 55-67.

Freixeiro Mato, X.R., “Unha visión das relacións culturais galego-portuguesas nos anos vinte a través da correspondencia inédita entre Teixeira de Pascoaes e Noriega Varela”, *Boletín Galego de Literatura*, 11, 1994.

Lago Carballo, A., “Papini y España”, *Cuenta y razón*, 96, 1996, pp. 53-56.

Losada Diéguez, A., *Traduccións poéticas*, introd. e ed. Cristina Marchisio, Pontevedra: Fundación Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1999.

Piñeiro, R., “Das relacións culturais galego-portuguesas”, *Nova Renascença*, 8, 1982, pp. 327-330.

Real Pérez, B., “A traducción e os textos traducidos ó galego no período 1907-1936”, *Viceversa*, 6, 2000, pp. 9-36.

Ribera Llopis, J.M., “Contribución al estudio de las relaciones literarias luso-galaicas (1900-1939)”, *Revista de Filología Románica*, 1, 1983, pp. 193-212.